



PONT-UP
STORE

*Espazo de
Emprendemento*

2018

Exprés

PONT-UP
STORE
2018



pontevedra
ten un puntazo



Puntazo Exprés no Pont Up Store

explica en 5 min o teu emprendemento

Un ano máis, o Concello de Pontevedra promove dous espazos de encontro específicos que terán lugar a tarde do venres 21 de setembro de 2018 no marco do Pont Up Store.

- **PUNTAZO EXPRÉS:** explica en 5 minutos o teu emprendemento!

19.00h Oportunidade de presentar en 5 minutos emprendementos en funcionamento a 5 representantes de entidades/empresas galegas de renome.

- **VIÑO ABERTO A PARTICIPANTES NO PONT UP STORE 2018 NA CASA DA LUZ**

21.00h Espazo informal de networking.

Se tes un emprendemento que sexa innovador e creativo, ámate e achega a túa candidatura!

Podes solicitar +info en puntazoexpres@pontupstore.com

Que é Puntazo Exprés?

Puntazo Exprés: explica en 5 min o teu emprendemento é unha iniciativa promovida pola Concellaría de Promoción Económica e Turismo do Concello de Pontevedra que se vai celebrar o venres 21 de setembro de 2018 durante o Pont Up Store, e que se enmarca dentro do proxecto “**Pontevedra ten un puntazo**” deseñado e promovido por devandita Concellaría.

A finalidade deste Puntazo Exprés **é facilitar o achegamento e o diálogo entre persoas emprendedoras e representantes de empresas e entidades galegas xa consolidadas** a través da presentación de 10 proxectos de novo emprendemento, cun formato dinámico e áxil.

Cada unha das candidaturas seleccionadas deberá presentar o seu proxecto en 5 minutos a un comité de “escoitantes” composto por cinco persoas. Como novidade, este ano a presentación será pública e ao remate haberá dous minutos de réplica por parte das persoas que compoñen o comité.



Puntazo Expres no Pont Up Store

explica en 5 min o teu emprendemento

Quen pode participar?

Pode participar no **Puntazo Expres** calquera persoa maior de idade que teña un emprendemento innovador e creativo, en funcionamento, con menos de 3,5 anos (42 meses) dende a súa creación ou un proxecto en fase moi avanzada de desenvolvemento con prototipos de produtos/servizos e expectativas reais de lanzamento a curto prazo.

Poden participar entidades, empresas, asociacións ou colectivos sempre que se designe a unha persoa representante que será a encargada da presentación do proxecto.

Como participar?

Para participar no **Puntazo-Expres** é preciso presentar unha proposta a través do formulario de inscrición que atoparás en **pontupstore.com**. Neste formulario solicitarase información básica da persoa responsable do emprendemento e un breve resumo do mesmo.

Proceso de selección

Unha vez recibidas as propostas, a organización seleccionará un máximo de dez, para o que se baseará en criterios como:

- ◇ **Orixinalidade, innovación e creatividade do proxecto.**
- ◇ **Valor social do proxecto.**
- ◇ **Sustentabilidade.**
- ◇ **Claridade e concreción.**
- ◇ **Potencial impacto económico ou social.**
- ◇ **Capacidade de desenvolvemento futuro.**

A organización poñerá en contacto coas persoas representantes das propostas seleccionadas para pechar aspectos loxísticos e organizativos.



Puntazo Expres no Pont Up Store

explica en 5 min o teu emprendemento

Como se presentan os emprendementos

Os emprendementos seleccionados presentaranse o día **21 de setembro ás 19.00 h** no marco do Pont Up Store.

Para iso, as persoas seleccionadas farán unha presentación pública de cinco minutos ao comité de “escoitantes” composto por 5 persoas representantes de distintas empresas e entidades galegas de renome.

Prazos

As solicitudes deberán ser presentadas a través do formulario en liña que atoparás en **pontupstore.com** entre os días 29 de maio e 8 de xullo de 2018.

Podes solicitar máis info en **puntazoexpres@pontupstore.com**

Quen vai escoitar os emprendementos?

Aquí atoparás +info sobre as persoas/entidades designadas para escoitar os emprendementos seleccionados.

Lembra que esta é unha oportunidade única de presentar propostas empresariais, creativas e innovadoras a potentes interlocutoras de distintos sectores.

Anímate a enviar a túa candidatura!



Puntazo Expres no Pont Up Store

explica en 5 min o teu emprendemento



África González Fernández

Catedrática de Inmunoloxía da Universidade de Vigo, directora do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) da Uvigo, presidenta da Sociedade Española de Inmunoloxía e promotora da empresa spin-off [*NanoImmunoTech \(NIT\)*](#) con sedes en Vigo, Zaragoza e Madrid. En 2017 foi nominada aos premios Women Innovators pola Comisión Europea.



Piedad Varela-Portas de Orduña

Licenciada en dereito especializada en dereito de empresa. Con 20 anos de experiencia como asesora legal. Socia, cofundadora e Responsable de Comunicación e RSE de [*Pazo de Vilane*](#).



María Caldeiro López

Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración pola USC. Máster en Políticas Europeas de Cooperación e Máster en Relacións Internacionais e Comercio Exterior. Inicia o seu contacto profesional co mundo da pesca durante a súa estada na Oficina Comercial do Consulado en Mumbai. Dende 2011 exerce como Xerente de [*FUNDAMAR*](#).



Puntazo Expres no Pont Up Store

explica en 5 min o teu emprendemento



Alba Baños

Graduada en Consultoría e Xestión da Información pola UVigo. Máster en Analítica Web, Usabilidade e Experiencia de Usuario. Experiencia en xestión de campaña de Tráfico de Pago e medición de contornas webs. Na actualidade é a responsable da área de Analítica de [Redegal](#).



Teresa Fernández Valdés

Cofundadora de [Bambú Producciones](#), produtora de series de grande éxito estatal e internacional como Velvet, Gran Hotel ou Fariña. Elixida como unha das *showrunners* máis poderosas da televisión europea e mundial en 2014 e 2016, respectivamente. En abril de 2018, Reed Miden, empresa organizadora do mercado internacional do audiovisual MipTV, outórgalle a Medalla de Honra, sendo a primeira muller española en recibir o devandito recoñecemento.



pontevedra
ten un puntazo



CONCELLO DE
PONTEVEDRA